



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

BASES PARA A SELECCIÓN DUNHA TRABALLADORA SOCIAL PARA A AGRUPACIÓN A TEIXEIRA-PARADA DE SIL

Primeira. Obxecto e previsións xerais.

1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e o proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral temporal, de 1 praza de traballador/a social, para a agrupación A Teixeira-Parada de Sil, por finalización do contrato da actual traballadora que está prestando servizos na agrupación.

Denominación; Grupo; Núm. de prazas; Sistema de acceso
Traballador/a social; 2; 1; Concurso

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá conforme co previsto nas presentes bases específicas aprobadas ao efecto.

Segunda. Características da vacante convocada e funcións:

Clase de persoal: persoal laboral temporal. Denominación: traballador/a social

Prazas que se convocan: unha (1).

Procedemento selectivo: concurso.

As funcións a realizar son:

- Atención ó público, telefónica e personal con respecto á materia relacionada con Servizos Sociais, asesorando e orientando tecnicamente para resolver situacións de risco ou conflito.
- Coordinación dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, supervisión do traballo no servizo de axuda a domicilio e dependencia.
- Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes no concello, a través da observación, atención da demanda e a investigación.
- Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectadas.
- Axuda á integración e mellora da calidade de vida e participación social do vecindario procurando previr situación de exclusión social ou vulnerabilidade.
- Xestión e tramitación administrativa de expedientes relativos a axudas ou prestacións sociais.
- Solicitude e tramitación de expedientes de subvencións en materia de servizos sociais
- Tramitación de programas relacionados cos servizos sociais financiados polo Estado, a Xunta ou a Diputación
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e vinculada co eido competencial no que se integra.

ALCALDIA
Número: 2026-0206
Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2RY5DSTE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente.

A xornada de traballo será a tempo completo..

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Estar en posesión do título de diplomatura universitaria en Traballo Social, grao en Traballo Social ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.
- b) Celga 4 (Ver base específica décima)
- c) Dispor de carnet de conducir e vehículo.

Cuarta. Presentación de solicitudes de participación e solicitudes de aportación de méritos

1. Solicitudes de participación:

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como anexo I destas bases, no Rexistro Xeral deste concello, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 5 días naturais seguintes ao da publicación das presentes bases no BOP.

2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude.

Os/as aspirantes que teñan a condición legal de persoas con discapacidade, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto coa acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3. As solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

ALCALDIA
Número: 2026-0206
Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KEU4L7Z2RY5DSTE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

- b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión del, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.
- c) Celga 4 (Ver base específica décima)
- d) Copia do permiso de conducir B1

A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de orixinais ou copias cotexadas.

O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de 5 días naturais seguintes ó da publicación das presentes bases no B.O.P de Ourense.

2. Solicitudes de achega de méritos:

No momento de presentación da instancia e requisitos os/as candidatos/as deberán presentar a relación de méritos para a súa posterior valoración.

Non se terán en conta, nin serán valorados, aqueles méritos que non fosen achegados nin debidamente acreditados, na forma e conforme cos criterios e prazo sinalados nas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán valorados; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, tras o acordo previo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

Non se terán en conta, nin serán valorados, aqueles méritos achegados por aspirantes que figuren na lista de excluídos aprobada ou distintos dos/as admitidos/as.

A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de orixinais ou copias cotexadas.

O prazo de presentación de solicitudes conforme ao Anexo I, requisitos e da relación de méritos será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de concurso no BOP de Ourense.

Quinta. Admisión de solicitudes

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución pola que declare aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as.

Esta resolución publicarase na sede electrónica do Concello e sinalará un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

ALCALDIA
Número: 2026-0206
Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2RY5DS TE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin deste procedemento selectivo, e co obxectivo de cumprir co principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

Sexta. Desenvolvemento do proceso selectivo

1. O sistema selectivo empregado será o concurso.
2. Concurso: o baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: A puntuación máxima total do concurso establécese en **100 puntos** e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo (60) puntos.

- Por servizos prestados en empresas privadas exercendo as funcións propias de traballador/a social: 0,25 puntos por cada mes completo de servizo: Máx. 20 ptos.
- Por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente como traballador/a social en calquera Administración Pública: 0,5 puntos por cada mes completo de servizo. Máx. 40 ptos.

No caso de xornada parcial, a puntuación será proporcional á súa porcentaxe de xornada laboral.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a 30 días e os meses consideraranse de 30 días naturais.

Forma de acreditar os méritos alegados:

Os servizos prestados no ámbito privado terá que xustificarse mediante modelo oficial da vida laboral e os respectivos contratos de traballo onde quede debidamente acreditada a categoría profesional, data de inicio e de remate da relación laboral.

Os servizos prestados nas administracións públicas acreditaranse por algunha das seguintes formas:

- a) Mediante Certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflicta o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas.
- b) Mediante a presentación do modelo oficial da vida laboral aos que deberán acompañar, inexcusablemente, os contratos de traballo debidamente

ALCALDIA
Número: 2026-0206
Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2YRY5DS TE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

rexistrados no INEM e quede debidamente acreditada a categoría profesional, data de inicio e de remate da relación laboral.

De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta línea será de 0 puntos.

b) Cursos de formación. Máximo (40) puntos.

Valórase a participación, como alumno, en cursos, seminarios, congresos ou xornadas de formación ou perfeccionamento relacionados coas funcións da praza obxecto da presente convocatoria.

En ningún caso se valorarán accións formativas impartidas por entidades privadas.

A valoración dos cursos farase con base ao seguinte baremo:

- Con duración de ata 30 horas..... 0,5 puntos cada un.
- Con duración de 31 a 100 horas..... 1 punto cada un.
- Con duración superior a 100 horas...1,5 puntos cada un.

En todos os casos se valorarán unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetise a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

Así mesmo, non se valorarán, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares onde non consten as horas de duración.

A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, copias cotexadas.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a súa presentación.

No caso de empate entre varias persoas, a orde de puntuación establecerase do seguinte xeito:

Por maior puntuación acadada na valoración da experiencia laboral, seguidamente na puntuación acadada en cursos de formación. Se persiste o empate, terá preferencia aquela persoa que acade unha maior puntuación no ámbito público na experiencia profesional. Se aínda así persistira o empate, resolverase por sorteo.

ALCALDIA
Número: 2026-0206 Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2YRY5DSTE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

Sétima. Composición e nomeamento do Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador estará formado por CINCO (5) membros: un/unha Presidente/a, un/unha secretario/a e tres Vogais.

Para a válida constitución do tribunal será suficiente a asistencia de alomenos TRES (3) membros (Presidente/a, Vogal e Secretario/a).

O nomeamento nominal do Tribunal Cualificador terá lugar mediante Resolución de Alcaldía xunto coa listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Por cada sesión do Tribunal levantarase unha acta asinada por parte dos membros do Tribunal Cualificador.

O Tribunal reunirse en sesión non pública, aos efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados por cada un dos/as aspirantes.

O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición na Sede Electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello de A Teixeira.

Os membros do Tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas legalmente.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar, que teñen superado o concurso un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Calquera proposta que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

Os membros do tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A estes efectos, terán a consideración de Categoría Primeira.

Oitava. Publicación de resultados

A cualificación final está composta pola puntuación acadada na fase de concurso.

Novena. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Unha vez concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

As cualificacións das persoas concursantes finalistas aprobadas serán publicadas na sede electrónica do concello da Teixeira (concelloateixeira.sedelectronica.gal).

As persoas aspirantes propostas polo Tribunal deberán presentar a través da sede electrónica do concello, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, contados a partir da

ALCALDIA
Número: 2026-0206
Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2YRY5DSTE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

publicación do resultado do proceso selectivo na sede electrónica do concello, a seguinte documentación:

a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.

b) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da súa incorporación.

d) Tarxeta da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.

Décima.- Contratación.

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida nesta base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame desta se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá a contratación e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na súa solicitude de participación.

Unha vez presentada a documentación polos interesados/as, a Alcaldía ditará resolución de contratación das persoas aspirantes propostas que se publicará na sede electrónica do concello.

Os/as aspirantes nomeados/as deberán incorporarse no prazo dos tres días seguintes á sinatura do contrato.

Será nula a toma de posesión de quen estea incurso/a en causas de incapacidade específica conforme coa normativa vixente.

Mentres non se formalice a contratación e non se incorporen ao respectivo posto de traballo, os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas nomeadas estarán obrigadas a prestaren a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable.

Xunto coa resolución de contratación das persoas aspirantes seleccionadas ao abeiro desta convocatoria aprobarase a lista de reserva/lista de espera do/a seguinte que obtivera maior puntuación na fase de concurso.

ALCALDIA
Número: 2026-0206
Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2YRY5DS TE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

Undécima. Proba de galego

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade co previsto na normativa de aplicación; conforme co sistema de certificación de lingua galega (Celga) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, respecto os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega)

Respecto do presente proceso, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, -Celga 4 ou equivalente -, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará ao aspirante. Esta proba de galego consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe nas presentes bases.

Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto. Dispoñerase dun tempo máximo de 45 minutos para a súa realización. O texto non poderá ter máis de 200 palabras. Serán considerados como non aptos aqueles que teñan 10 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de Celga 4.

Duodécima. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Ourense, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

ALCALDIA
Número: 2026-0206 Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KEL4L7Z2YRY5DS TE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9





CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
<http://www.concelloateixeira.org> ... E-Mail: concello@ateixeira.gal

A Teixeira, 25 de maio de 2026

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ALCALDIA

Número: 2026-0206 Data: 25/05/2026

Cod. Validación: 6CTJ6KELJ4LTZ2YRY5DSTE2D9
Corrección: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

